



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

OS SOCIALISTAS ALÉGRANSE DE QUE O PP RECOÑEZA A NECESIDADE DO EMISARIO QUE TANTO LEVAN PROMETIDO E QUE NUNCA CHEGA

-As desculpas do goberno por non ter logrado ningunha bandeira azul, “dan a entender que as nosas augas están contaminadas, pedímoslles que se poñan as pilas para solucionar ambos problemas”

-Recordan que “cando tiñamos competencias para lograr estes distintivos turísticos sempre traballamos por conseguilos, tan só fai falla botar a vista atrás e ver cando os tivemos e cando nos fomos quedando sen eles”

CERVO, 1 DE XUÑO. Os socialistas de Cervo aseguran que “despois de ler nos medios de comunicación as declaracións do equipo de goberno disculpándose por non ter conseguido ningunha bandeira azul, deixannos preocupados xa que nos dan a entender que as augas do Concello están contaminadas e por este motivo este ano nos volvemos a quedar sen ningún destes galardóns nas nosas praias”.

Segundo din dende o Partido Popular, o problema é o resultado non óptimo da EDAR, “pode ser, señor Villares, que sexa necesario o emisario que tanto levan prometido para conseguir a mellor das depuracións. Alegrámonos de que alomenos recoñezan esta necesidade”.

Neste senso, dende o GMS subliñan que “o que non sabemos é cales son as xestións que se están a facer para cumprir esas promesas, cando poderemos disfrutar dese emisario polo que agardan tódolos veciños. Dende o ano 2009 o señor Feijóo e o noso goberno comprometíanse con esta actuación pero xa estamos ben entrados no 2013 e a situación é a mesma”.

Lémbrales que “os socialistas cando tivemos responsabilidades municipais e tiñamos competencias para gozar das bandeiras azuis sempre traballamos por conseguilas, tan só fai falla botar a vista atrás e ver cando as tivemos e cando nos fomos quedando sen elas”.



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Municipal de Cervo
Avd. da mariña, 12 baixo
27890 San Cibrao. Lugo
psoe.cervo@gmail.com

Esperan que o equipo de Villares “se poña as pilas para conseguir arranxar ambos problemas, pero non vemos tan clara a relación de que cando teñamos emisario vamos a volver a lucir as bandeiras azuis nos nosos areais. Máis ben cremos que isto será un espellismo ou unha mera disculpa para saír agora mesmo do paso”.

GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CERVO